



.....

Xornada

As corais: dinamizadoras imprescindibles do tecido cultural galego

.....

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
22 de novembro de 2022



O movemento coral en Galicia xorde a finais do século XIX, coincidindo co apoxeo das sociedades de recreo, nas que se integran importantes orfeóns. O posterior declive destes últimos coincide co auxe dos coros galegos, centrados na recuperación do folclore, ao abeiro das Irmandades da Fala (1916). Mais o nacemento da Coral Polifónica de Pontevedra en 1925 supuxo un novo modelo que imitar e que aínda está vixente na actualidade. As corais galegas, ao longo do século pasado e no primeiro cuarto do século XXI, foron capaces de manterse activas e converterse en instrumento integrador e de participación na cultura das vilas e cidades galegas, como divulgadoras do noso patrimonio musical popular.

Nesta xornada, sen esquecermos do pasado nin omitir os moitos problemas xerados pola Covid-19 nas agrupacións na actualidade máis inmediata, queremos analizar a incidencia na sociedade galega contemporánea das case trescentas corais existentes na Comunidade, profundando no seu carácter dinamizador e vertebrador do tecido cultural do noso territorio, ao propiciar o desenvolvemento musical e artístico tanto das persoas integrantes das agrupacións como do público en xeral, sen esquecermos da súa importante función divulgativa e pedagóxica.

Imaxe da portada: Ars Musicae, 1977. Primeira actuación. Cortesía: Margarita Guerra

Programa

16:30 horas
Presentación

16:45 horas
Un percorrido pola historia do movemento coral ata o nacemento de Ars Musicae

Alberto Cancela entrevista a **Margarita Guerra**

Alberto Cancela Montes é doutor pola Universidad de Oviedo (2020) coa tese *La Sociedad Coral El Eco: una contribución a la historia del orfeonismo en Galicia (1862-1940)*

Margarita Guerra é a decana das directoras actuais de Galicia. Fundadora en 1977 do Coro de Cámara Ars Musicae, dirixe dende 1986 a Coral Polifónica do Liceo Marítimo de Vilagarcía de Arousa

18:00 horas
Presentación do informe *As corais en Galicia*
Håkan Casares Berg, Observatorio da Cultura Galega (CCG)

18:30 horas
Actualidade da música coral en Galicia e proxección de futuro. Retos e eivas

Patricia Cupeiro entrevista a **Antonio Rey Cornide** e **Enrique Lorenzo**

Patricia Cupeiro é soprano e doutora pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese *Patrimonio y turismo* (2016)

Antonio Rey Cornide é o presidente da Federación Coral Galega (FECOGA)

Enrique Lorenzo é o presidente da Asociación de Corais Polifónicas de Vigo (ACOPOVI)

Organiza

Consello da Cultura Galega
Sección de Artes Escénicas, Musicais e Audiovisuais (CCG)

Coordinan

Cristina Domínguez Dapena
Alejo Amoedo

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado.
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

.....

Organiza:

